Cedrus deodara (Lamb.) G. Don, 2010

- cedro do Himalaia
- cedro del Himalaya, c. llorón
- Himalayako zedroa
- cedre de l'Himalaia
- deodar cedar
- cedro-do-Himalaia



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**piñaceae**	***Cedrus***

ORIXE

Afganistán e noroeste do Himalaia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore maxestosa que pode superar os 60 m de altura, con forma piramidal. A súa codia gris escura divídese en escamas irregulares. Follas aciculares, ríxidas e algo afiadas, de cor verde clara, de 2 a 5 cm de longo; medran individualmente en pólas longas (macroblastos) ou en acios densos en pólas moi curtas (braquiblastos). Os conos masculinos son solitarios e están situados no centro dos acios das follas, preferentemente nas pólas inferiores, miden de 3 a 5 cm, son cilíndricos, erectos e amarelados. Os conos femininos tamén son solitarios e aparecen no mesmo lugar cós conos masculinos, preferentemente nas pólas superiores, miden de 1 a 1,5 cm, e son de cor verdosa-púrpura. Sementes ovadas, cunha á membranosa.

HÁBITAT

Dentro da súa área de distribución, é unha árbore de alta montaña, pero atópase nun amplo intervalo de hábitats no Himalaia. Medra entre os 17 e os 3000 m na parte occidental da súa área de distribución, e entre os 1300 e os 3300 m na parte oriental, onde o clima é menos seco.

DISTRIBUCIÓN

Dende o leste de Afganistán (Hindu Kush) e o noroeste de Paquistán (Karakorum) á China (dende o extremo suroeste de Xizang ata o oeste de Nepal).

CURIOSIDADES

O cedro do Himalaia é unha árbore madeireira moi importante en Paquistán, Caxemira e o noroeste da India. A súa madeira forte e duradeira úsase principalmente para a construción. Outros usos son a carpintería e o mobiliario en xeral.